



CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

Páramo, s/n
27363.- O Páramo (Lugo)
Tlf./Fax: 982 539156
www.concelloodeparamo.es

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN POR CONCURSO DE MÉRITOS DE PERSONAL LABORAL TEMPORAL (1 ANIMADOR SOCIOCULTURAL) QUE SE CONTRATE NO CONCELLO DE O PÁRAMO AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO DO “PROGRAMA DEPUEMPREGO”.

1.- OBXECTO

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso-oposición de **UN (1) ANIMADOR SOCIOCULTURAL para ser contratado como persoal laboral temporal** ao abeiro do Programa Depuemprego de conformidade co convenio asinado entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Páramo con data 23 de setembro de 2016 para a execución de servizos e creación de emprego ao abeiro do Programa DEPUEMPREGO co obxecto da axuda e colaboración co obxectivo común de dar cumprimento ás competencias mínimas obrigatorias ou esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo.

Esta colaboración se materializa a través da achega económica por parte da Deputacion Provincial de Lugo do 100% dos custes salariais e da Seguridade Social dos traballadores contratados.

O Concello de O Páramo, situado na Comarca de Sarria conta con unha extensión de 74,8 km² repartidos en 18 parroquias, con unha forte densidade de vías de comunicación que dan servizo a todos esos asentamentos. Limita ao norte co Concello de O Corgo, ao sur co de Paradela e Sarria, ao este con Láncara e con Guntín e ao oeste con Portomarín. Unha característica importante a ter en conta é que a poboación está moi dispersa, concentrándose en núcleo pequenos; outro dato salientable de este concello é que carece de núcleo urbán.

As condicións xeográficas da zona, sumadas ós escasos recursos con que conta o Concello fan que afrontar servicios básicos que son de competencia directa municipal se torne difícil.

Visto que a Lei 48/2015, de 21 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, dispón no seu artigo 21 dous. que durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Tendo en conta que as tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, se encadran en servizos públicos que responderán a necesidade de contratación de un animador sociocultural, débese a ser este un concello pequeno e con poucas fontes de ingresos, xunto coa necesidade e importancia de dinamizar a vida dos nenos, rapaces e maiores no medio rural. Servizos prestados directamente por este Concello e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade sen



CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

Páramo, s/n
27363.- O Páramo (Lugo)
Tlf./Fax: 982 539156
www.concellodeparamo.es

esquecer que o propio fomento do emprego e desenvolvemento local é por si só un servizo público esencial que de xeito urgente e inaprazable debe ser abordado habida conta a elevada porcentaxe de desempregados que vai en aumento neste Concello.

O contrato de traballo concertarase cunha duración determinada de 10 meses a media xornada, **rematando en todo caso o 30 de outubro de 2017**.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril ,de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015,de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso.

1.4. A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de O Páramo así como na páxina web da Excma Deputación Provincial de Lugo e nun diario de maior tirada na provincia.

2.- TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

2.1 O contrato laboral que se formalizará coa persoa seleccionada será de duración determinada na modalidade de obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexilativo 2/2015, , polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro

3.- FUNCIONES

O obxecto do contrato laboral temporal que se celebre a resultas do proceso de selección estarán integrado polas funcións propias de **animador sociocultural** realizando traballos a desenvolver en relación aos servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, tales como:

- Dinamización da vida social, cultural e deportiva dos nenos, rapaces e maiores deste concello.
- Actividades de ocio municipais, segundo as actividades e programación anual establecida polo Concello.
- Xestión de programas e eventos culturais.



CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

Páramo, s/n

27363.- O Páramo (Lugo)

Tlf./Fax: 982 539156

www.concellodeparamo.es

- Labores de animación con distintos grupos de idade (infantil, xóvenes, 3^a idade,...)
- En xeral, aquelas outras que deriven do seu posto de traballo.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes :

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuge dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuge sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumplidos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Estar en posesión da titulación necesaria, Técnico en Animación Sociocultural ou Diplomado en Educación Social ou habilitado ou, no seu defecto, maxisterio ou outras titulacións universitarias (grao, diplomatura, licenciatura,...), ou Titulación oficial de Monitor de tempo libre homologada.

f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

5.- SOLICITUDES



CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

Páramo, s/n
27363.- O Páramo (Lugo)
Tlf./Fax: 982 539156
www.concellodeparamo.es

A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirse ao Sr. Alcalde do Concello de O Páramo, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación do anuncio de convocatoria nun diario de maior tirada na provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.
- b) Carnet de conducir.
- c) Certificación, de ser o caso, expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que é demandante de emprego e o tempo que leva nesta situación.
- d) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- e) De ser o caso, as persoas que aleguen ser vítima de violencia de xénero: A efectos destas bases, enténdese por mulleres en situación de violencia de xénero todas aquellas que cesasen a relación de convivencia co agresor e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamiento integral da violencia de xénero:
 - 1. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/ou xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 - 2. Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
 - 3. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos devanditos indicios.
 - 4. Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
 - 5. Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
- f) Declaración responsable, asinado polo ou pola aspirante, de non estar afectadada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administración públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administración públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.
No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou pola aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- g) Relación, segundo a orde que se establece na base 8^a, dos méritos que as ou



CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

Páramo, s/n
27363.- O Páramo (Lugo)
Tlf./Fax: 982 539156
www.concellodeparamo.es

os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na bases 8^a

Poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas.

Infórmase que a sede electrónica do Concello de O Páramo está en construción polo que non está operativa.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello, sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicarase o nome e apellido, e DNI dos aspirantes, para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde dictará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulta que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos personais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados únicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR OU COMISIÓN DE VALORACIÓN

O tribunal estará constituido por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do



CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

Páramo, s/n

27363.- O Páramo (Lugo)

Tlf./Fax: 982 539156

www.concellodeparamo.es

Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios

Consonde ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrambolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e pracedo Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbihdas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

Consistirá en CONCURSO: O baremo de méritos fixase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establecese en dez (10) puntos, e serán o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites



CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

Páramo, s/n
27363.- O Páramo (Lugo)
Tlf./Fax: 982 539156
www.concellodeparamo.es

que se sinalan para cada un deles:

a) Experiencia profesional. Máximo cinco (5) puntos.

-Por servizos prestados para calquera administración pública como persona funcionaria de carreira ou interina ou contratada laboral fixo ou temporal, ou para empresas privadas como contratada laboral fixa ou temporal en postos da mesma ou superior categoría e no que se desenvolvan tarefas ou funcións propias do posto que se convoca: 0,05 puntos por cada mes completo de servizo.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais. Asemade non se computarán os servizos prestados simultáneamente con outros igualmente alegados e a puntuación reducirase proporcionalmente nos prestados a tempo parcial, tomando como referencia corenta horas á semana.

Forma de acreditar os méritos alegados:

Para acreditar estes traballos as persoas interesadas deberán presentar no caso de administracións públicas unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo subscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta liña será de 0 puntos.

No caso de servizos prestados en empresas privadas as persoas interesadas deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo subscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

b) Formación: Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades dependentes dela ou homologados. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados. Soamente se valorará a formación realizada dende o ano 2010 ata o exercicio actual 2016, no valorándose a formación anterior:

Puntuación máxima neste apartado igual a 2 puntos.

- Cursos de máis de 100 horas: 1 punto
- Cursos de 76 a 100 horas: 0,75 puntos
- Cursos de 56 a 75 horas: 0,50 puntos
- Cursos de 35 a 55 horas: 0,25 puntos
- Cursos de 15 a 34 horas: 0,20 puntos

Forma de acreditar os meritos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola administración pública que o impartiou e /ou financiou, acreditativo da súa realización.

c) Coñecemento do idioma galego: Computándose únicamente o grao superior alegado e concédese validez tan só pos cursos ou titulacións oficiais ou que foran



CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

Páramo, s/n
27363.- O Páramo (Lugo)
Tlf./Fax: 982 539156
www.concellodeparamo.es

oficialmente obxecto de homologación.

- Celga 1: 0,20 puntos.
- Celga 2: 0,30 puntos.
- Celga 3 ou Grao de iniciación: 0,40 puntos.
- Celga 4 ou Grao de perfeccionamento: 0,50 puntos.

d) Dacordo co establecido no convenio asinado coa Deputación, se primará favorecer aos colectivos con dificultades de integración laboral tales como (máximo 2,50 puntos):

1. mulleres: 0,50 puntos
2. maiores de 45 anos: 0 ,50puntos.
3. parados de longa duración: 0,50 puntos. Considerase parado de longa duración estar inscrito ininterronpidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou más meses.
4. persoas con discapacidade:0,50 puntos
5. persoas vitimas de violencia de xénero: 0,50 puntos

Forma de acreditar estas situacións: segundo o establecido no punto 5 (Solicitudes).

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valora o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para enmendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela

9.- RELACIÓN DE APROBADOS.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo. En caso de empate de puntuacións se resolverá a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no primeiro apartado, segundo e terceiro, sucesivamente. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzcan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato, o órgano convocante poderá requerir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aos propostos, para a súa posible contratación.

A devandita relación complementaria poderá tamén servir para constituir unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzcan durante o periodo de duración do plan "Depuemprego".



CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

Páramo, s/n
27363.- O Páramo (Lugo)
Tlf./Fax: 982 539156
www.concellodeparamo.es

10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo de 2 (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

1) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter una antigüeidade superior aos tres (3) meses anteriores ao dia de remate do prazo de presentación de instancias, acreditativo de posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3^a, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que icorren por falsidaxe na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

11.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e formalizaránse os contratos de traballo de duración determinada, sendo en todo caso o data de remate o 30 de outubro de 2017.

12.- IMPUGNACIÓN.

Estas bases, a súa convocatoria e certos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos interesados e interesadas nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

Páramo, s/n
27363.- O Páramo (Lugo)
Tlf./Fax: 982 539156
www.concellodeparamo.es

ANEXO II a).-MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN POR CONCURSO DE MÉRITOS PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN (1) POSTO DE TRABALLO DE ANIMADOR SOCIOCULTURAL DO CONCELLO DE O PÁRAMO, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

D/a..... provisto/a de D.N.I. nº..... con
endereço na R/..... nº..... piso..... C.Postal
..... Localidade Municipio
Provincia..... Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de O Páramo para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a media xornada, de 1 ANIMADOR SOCIOCULTURAL.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñeo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do O Páramo para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.
- Titulación.
- Permis de conducción en vigor tipo B.
- Relación dos méritos que alego para a súa valoración, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo establecido na base 8^a:

....., de de 2016

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O PÁRAMO

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE O PÁRAMO para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE O PÁRAMO na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección PARAMO, S/N.- 27363.- O PÁRAMO.- LUGO.



CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

Páramo, s/n
27363.- O Páramo (Lugo)
Tlf./Fax: 982 539156
www.concellodeparamo.es

O Páramo, a 11 de outubro de 2016
O Alcalde,
P.D. A 1^a Tte. Alcalde (Decreto 23/05/2016)

Asdo.: Begoña González López

A secretaria

Asdo.: Begoña García Carrasco

DILIXENCIA: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por
Resolución de Alcaldía de data 11 de outubro de 2016.